



## MEMORIA FUNCIONAL XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A Consellería de Facenda, por resolución do 22 de xullo de 2016, publicou o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2016 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Política Social (DOG núm. 145 do 2 de agosto de 2016).

A dita relación de postos de traballo foi modificada en diversas ocasións por:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de xullo de 2017, para adaptala á Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xullo de 2018 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, co obxecto de adaptar a relación de postos de traballo ás necesidades organizativas e funcionais existentes.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de febreiro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, co obxecto de adecuar a configuración dun posto ás funcións do propias do mesmo.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de outubro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, como consecuencia das súas necesidades funcionais e organizativas actuais .
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de novembro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, como consecuencia das súas necesidades funcionais e organizativas actuais.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral.



- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de xullo de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social, como consecuencia das necesidades funcionais e organizativas actuais.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral.

A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas.

A través da relación de postos de traballo a correspondente administración pública procura organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación de servizos públicos.

***A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, número 103/2023, de data 8 de febreiro de 2023, (procedemento ordinario 503/2021) estima o recurso contencioso administrativo interposto pola Confederación Intersindical Galega (CIG) contra a resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública, de data 3 de agosto de 2021, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de xullo de 2021, pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo (RPT) da Consellería de Política Social, anulando o acto administrativo impugnado por vulneración do dereito á liberdade sindical na súa vertente de negociación colectiva.***

Tendo isto en conta plantexamos esta proposta de modificación da relación de postos de traballo que pretende:

- Recoller o establecido na RPT anulada.
- Facer a adaptación da actual RPT, en congruencia coa estrutura vixente da Consellería de Política Social e Xuventude.
- Adaptar, na medida do posible, a estrutura de postos de traballo da consellería ás necesidades de persoal actualmente existentes.

En virtude do exposto, faise unha proposta de mínimos de creación de postos, de amortización doutros prescindibles e de modificación da RPT, para adaptala á realidade vixente.



## RPT ANULADA

### 1. CREACIÓNS.

**1.1.-** Na Secretaría Xeral Técnica propónse a creación dunha **Xefatura de Sección Réxime Económico de Persoal (A1, A2,C1, nivel 25 - CE- AXG - área funcional persoal)**. PSC020000315770023

Na actualidade a Subdirección Xeral de Persoal conta cunha Xefatura Sección de Control Orzamentario de Capítulo I e Nómina e dúas xefaturas de negociado para levar cabo a xestión e a tramitación da nómina de persoal adscrito aos servizos centrais da Consellería, o cumprimento das obrigas en materia de seguridade social e dereitos pasivos, o estudo, seguimento e control da execución do estado de gastos en materia orzamentaria do capítulo I da Consellería e a elaboración das propostas de modificación de crédito.

Así mesmo, levan a cabo as mesmas funcións respecto do persoal da Axencia Galega de Servizos Sociais. A tramitación por separado das nóminas do persoal da Consellería e do persoal da Axencia Galega de Servizos Sociais implica que a habilitación teña que duplicar os trámites relativos á elaboración de proxeccións de nóminas, á tramitación de modificacións orzamentarias relativas ó capítulo I, á elaboración de documentos contables, ó estudo seguimento e control da execución do estado de gastos en materia orzamentaria do capítulo I, ó control das liñas orzamentarias para o correcto asentamento do persoal, ó control das contas bancarias, ó cumprimento das obrigas en materia de seguridade social e dereitos pasivos, e ás reclamacións de débedas á TXSS.

Ademais debe terse en conta o alto volume de xestión económica que se realiza na habilitación do capítulo I.

Ó longo dos últimos anos incrementouse a carga de traballo nas materias propias da habilitación, tanto pola implementación do sistema de liquidación directa pola Tesourería Xeral da Seguridade Social como polo aumento no volume de expedientes de modificacións orzamentarias, de acumulacións de tarefas e de programas europeos que se tramitan con cargo ao capítulo I da Consellería.



Este incremento de traballo dificulta a tramitación ordinaria das nóminas da Consellería de Política Social e da Axencia Galega de Servizos Sociais, evidenciando a necesidade de reforzar a habilitación do capítulo I co obxecto de garantir o correcto cumprimento das obrigas económicas contraídas cos traballadores e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**1.2.-** Na Secretaría Xeral Técnica propónse a creación dunha **Xefatura Sección de Xestión Económica II (A1, A2,C1, nivel 25 - C- AXG- área funcional económica).** PSC020000115770018.

Dentro das funcións da Vicesecretaría Xeral que lle están encomendadas no decreto de estrutura atópase a coordinación e optimización da xestión dos recursos en materia de execución orzamentaria e outros asuntos competencia da Secretaría Xeral Técnica que se lle encomenden.

En virtude desta atribución competencial encargouse ao órgano de dirección a tramitación do procedemento de habilitacións excepcionais e provisionais para distintas categorías profesionais dentro dos servizos de atención á Dependencia. Estas habilitacións facultan a persoas sen a titulación oficial a prestar servizos dentro do sistema de atención á Dependencia. Á vista da evolución das solicitudes existentes prevese un aumento no número destas que podería acadar os 500 expedientes ano.

O procedemento para a obtención das habilitacións excepcional e provisional nas categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal atópase regulado na Orde do 19 de novembro de 2018 (DOG nº 12 do 17 de xaneiro de 2019). O procedemento é un paso previo ás modificacións normativas que establezan a obrigatoriedade dun título oficial para prestar servizos nos centros do sistema de dependencia nas categorías profesionais indicadas. O número de persoas que están a desempeñar estes traballos sen cualificación é moi elevado, estimamos que máis de 8.000 en toda Galicia, entre persoal de centros e servizos de atención domiciliaria.

Non obstante, a previsión é que haxa que ampliar o prazo e incluso sacar unha nova orde similar a esta dada a alta demanda deste tipo de profesionais e escaso número de persoas tituladas. A tramitación do procedemento non é complicada pero resulta moi laboriosa debido a que a escasa experiencia na realización de trámites deste colectivo. O que supón numerosos requirimentos e a contestación a dúbidas por diversas vías que consumen un elevado número de xornadas de traballo.

A tramitación dunha solicitude en calquera dos procedementos supón a comprobación dos datos da solicitude e o da documentación complementaria (vida laboral, certificados e contratos de traballo, formación recibida) debendo verificarse as categorías



profesionais nas que se ten experiencia, cuantificar o número de horas traballadas que se obtén do contraste de diversos documentos, así como cuantificación do número de horas de formación recibida e correspondencia desta coas competencias profesionais da titulación esixida para a categoría profesional para a que se solicita a habilitación. A isto débese engadir a contestación telefónica e por correo electrónico das dúbidas recibidas polos solicitantes, traballadores e representantes de empresas afectadas, traballadoras sociais dos concellos,... Adicionalmente, o número de requirimentos de subsanación de documentación resulta moi elevado debido a ausencia de documentación e a confusión con outros procedementos ao gardar este similitudes con algúns dos que se tramitan na Consellería de Emprego e Igualdade.

Tendo en conta o antedito a xestión económica implica unha maior complexidade para a coordinación e optimización. A necesidade de axilizar a xestión económica, valorar as necesidades de oficinas e centros, recadar información para a remisión a outros departamentos,... fai necesario un incremento dos recursos humanos adicados a estas tarefas.

1.3.- Na Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria propónse a creación do posto de Secretaria/o de director/a xeral (C1-C2, nivel 18 - A11) .PSC06000015770002 (LD)- posto que pertence na actualidade á DX de Maiores e Atención Sociosanitaria.

1.4.- Como consecuencia da modificación de estrutura orgánica da Consellería de Política Social (Decreto 216/2020, de 3 de decembro), publicada no DOG nº253 de 17 de decembro de 2020, propóñense a seguintes creacións:

a) Na nova Subdirección Xeral de Planificación, Sistemas de Información, Calidade, Humanización e Innovación Asistencial:

- Subdirector/a Xeral de Planificación, Sistemas de Información, Calidade, Humanización e Innovación Asistencial (A1, nivel 30 - A15)

Nos novos servizos creados, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Planificación, Innovación Asistencial e Xestión da Información (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Planificación, Innovación Asistencial e Xestión da Información. (Amortizado polo decreto de estrutura 124/2022) PSC060000115770010.
- Xefe/a de servizo de Calidade, Humanización, Seguridade e Formación Continuada (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Calidade, Humanización, Seguridade e Formación Continuada.

b) Na Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade.



Nos novos servizos creados, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Dependencia (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Dependencia.
- Xefe/a de servizo de Discapacidade (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Discapacidade.(Amortizado polo decreto de estrutura 124/2022) PSC060000215770020.

Tanto estas dúas subdireccións, dependentes da nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, como os servizos vinculados ás subdireccións ábreanse a persoal estatutario (A15), como consecuencia das funcións que se establecen no novo decreto de estrutura orgánica da Consellería de Política Social, tanto para a propia Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria como para estes postos en particular; como son, entre outras, garantir a seguridade asistencial nos centros sociosanitarios, a eficiencia nos procesos asistenciais e o asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios e unidades de traballo social do sistema de saúde

Tendo en conta a situación de pandemia sufrida, estimamos que o feito de contar con persoal estatutario é fundamental para que a consellería de Política Social se coordine co Sergas en todo o complexo proceso de velar pola seguridade e control asistencial dos centros sociosanitarios.

c) Xefe/a de servizo de Información Xuvenil (A1-A2- nivel 28 - A17) con dependencia orgánica e funcional da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O desempeño óptimo do posto require de habilidades que corresponden a un perfil máis propio de persoal docente, xa que algúns dos programas que emanan desde o centro están vinculados co ámbito educativo.

Aptitudes como unha boa comunicación coa xente moza, creatividade, capacidade para orientar no ámbito educativo e formativo, para planificar estratexias de impacto e para ser transmisor de información e coñecemento son intrínsecas á figura do director/a de Centro Coordinador. Aptitudes todas elas aplicables tamén ó persoal docente, na que a metodoloxía de traballo empregada por este colectivo sería de especial interese para un posto destas características, onde a relación coa poboación moza é estreita, continua e require de actualización formativa continua.

A forma de provisión deste posto é a libre designación, de conformidade co previsto na Resolución de 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Función Pública, (DOG nº 44, de 4 de marzo de 2016), por cumprir un dos criterios de excepcionalidade establecido na instrución cuarta apartado 1.2. "...Dependencia directa dun alto cargo", neste caso a directora xeral.



## 2. MODIFICACIÓNS.

**2.1.**-Como consecuencia da modificación de estrutura orgánica da Consellería de Política Social (Decreto 216/2020, de 3 de decembro), publicada no DOG nº253 de 17 de decembro de 2020, xurdiron as seguintes modificacións:

- A anterior Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social da Dirección Xeral de Inclusión Social pasa a denominarse Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión.
- A anterior Subdirección Xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica da Dirección Xeral de Inclusión Social pasa a denominarse Subdirección Xeral de Servizos Sociais Comunitarios e Xestión Económica.
- A anterior Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade pasa a depender da nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria (pasa a depender da SXT polo decreto de estrutura 124/2022 e cambia de nome)

Polo que se propón modificar os seguintes postos:

- O anterior subdirector/a xeral de Inclusión e Integración Social (código PS.C04.00.001.15770.001) pasa a ser o/a subdirector/a xeral de Prestacións e Programas de Inclusión.
- O anterior subdirector/a xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica (código PS.C04.00.002.15770.001) pasa a ser o/a subdirector/a xeral de Servizos Sociais Comunitarios e Xestión Económica.
- O anterior subdirector/a xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade (código PS.05.00.002.15770.001) pasa a ser o/a subdirector/a xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade da nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria (A1, nivel 30 - A15)

Este posto ábrese a persoal estatutario (A15) como consecuencia das funcións que se establecen no novo decreto de estrutura orgánica da Consellería de Política Social, para a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, da que forma parte.



O feito de contar con persoal estatutario é fundamental para promover a coordinación socio-sanitaria na área de dependencia e discapacidade en colaboración cos distintos órganos do sistema de saúde, tal como se reflexa nas funcións desta subdirección no decreto de estrutura orgánica.

Por outra banda, os seguintes postos da anterior Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade pasan a depender do Servizo de Dependencia da nova Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade:

- Xefatura de Sección (PS.C05.00.002.15770.011), de nivel 25
- Xefatura de Sección (PS.C05.00.002.15770.012), de nivel 25
- Xefatura de Sección (PS.C05.00.002.15770.013), de nivel 25
- Xefatura de Sección (PS.C05.00.002.15770.014), de nivel 25
- Xefatura de Negociado Administrativo (PS.C05.00.002.15770.015), de nivel 18
- Xefatura de Negociado Administrativo (PS.C05.00.002.15770.017), de nivel 18
- Xefatura de Negociado Administrativo (PS.C05.00.002.15770.018), de nivel 18

**2.2.-** Ante a dificultade de cubrir determinadas postos C2 e co fin de facilitar esa cobertura propónse a apertura a A 11 dos seguintes postos:

**A CORUÑA:**

PSC991000015001112.  
PSC991000015001085.  
PSC993010315770053.  
PSC993010315770054.  
PSC993010315770055.  
PSC991000015001124.  
PSC991000015001125.

**LUGO:**

PS991000027001075  
PSC99100027001081

**OURENSE:**

PSC991000032001056  
PSC991000032001057  
PSC991000032001058

**PONTEVEDRA:**

- PSC991000036560098.





- PSC993010136001060.
- PSC991000036560064.
- PSC991000036560070.
- PSC991000036560096.
- PSC991000036560103.

**2.3.-** Os seguintes postos da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que no seu día non lle foron asignadas áreas funcionais.

PS.C06.00.000.15770.080	Xefatura de Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa
PS.C06.00.000.15770.083	Xefatura de Sección de Instal. Xuvenís e Xestión Económica
PS.C06.00.000.15770.086	Xefatura de Sección Administrativa
PS.C06.00.000.15770.090	Xefatura de Negociado Administrativo

O Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa, tal e como establece o Decreto de estrutura orgánica é o servizo, dependente directamente da directora xeral, ao que lle corresponden as funcións de xestión económica para os programas e actividades xestionados pola dirección xeral. De feito, a maioría das funcións que se realizan neste servizo están encadradas nas áreas de xestión económica.

Entendemos que é momento de subsanar esta situación que trae graves consecuencias para a carreira profesional das persoas destinadas neste servizo.

Na última versión da Relación de Postos de Traballo non se incluíron estas prazas nas áreas funcionais correspondentes (xestión económica, ECO), o que supuxo que no último concurso de traslados as persoas aquí destinadas e que quixeron participar a varias prazas non puidesen acreditar a súa experiencia nestes eidos. E isto, de seguir así a RPT, vai continuar a ser así para futuros concursos dado que o criterio de Función Pública é valorar esta experiencia unicamente no caso de que as prazas estean encadradas nas áreas funcionais correspondentes.

**2.4.-** O posto PS.C02.00.006.15770.040, xefatura de negociado administrativo na Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Proxectos a Accesibilidade, figura na actual RPT sen adscripción a algunha administración pública, polo que adscribe a Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG).

**2.5.-** Solicitase a apertura do tipo de administración de xeral a XERAL/ESPECIAL de varios postos de traballo. Son postos de RESPONSABLES DE ÁREA E COORDINADORES que anteriormente estaban abertos aos grupos I e II e que a súa cobertura podía efectuarse por persoal dos grupos I (categorías 1,2,4,6) e II (categorías 7,11,17,20) (ATS, traballadores/as sociais, educadores/as...). Estes postos responden tamén a un perfil de



administración especial. Os postos obxecto desta solicitude de modificación son os seguintes:

#### SERVIZOS CENTRAIS

1. PS.C.03.00.000.15770.125 Responsable de Área de Escolas Infantís.

#### A CORUÑA

1. PS.C.99.10.000.15001.505 coordinación equipo de valoración de dependencia.
2. PS.C.99.40.501.15001.300 responsable de área residencial del CAPD da Coruña.
3. PS.C.99.40.501.15001.302 responsable de área asistencial del CAPD da Coruña.
4. PS.C.99.40.801.15570.005 responsable de área residencial RAM Oleiros.

#### LUGO

1. PS.C.99.40.901.27560.010 responsable de área asistencial-residencial do CAPD de Sarria.
2. PS.C.99.40.901.27560.007 responsable de área de xestión de servizos xerais do CAPD de Sarria.

#### VIGO

1. PS.C.99.40.501.36050.001 director/a administrador/a de Centro Ocupacional O Saíar
2. PS.C99.40.901.36440.008 responsable área xestión e servizos xerais CAPD de Redondela.
3. PS.C99.40.901.36440.011 responsable área asistencial-residencial CAPD de Redondela.
4. PS.C99.10.000.36560.480 coordinador/a equipo valoración dependencia Xefatura Territorial de Vigo
5. PS.C99.40.800.36560.008 responsable área residencial CRAPD de Vigo.
6. PS.C99.40.800.36560.011 responsable área xestión e servizos xerais CRAPD de Vigo.
7. PS.C99.40.800.36560.014 responsable área asistencial CRAPD de Vigo.

**2.6.-** Nesta rpt plantéxase a amortización do seguinte posto:

Unidade Adtva.	Cód. Posto	Denominación	Grupo Subgrupo	Nivel Categoría



CENTRO COORDINADOR INFORMACIÓN DOCUMENTACIÓN XUVENIL	DE E	PS.C06.00.201. 15770.001	DIRECTOR/A DO CENTRO COORDINADOR	A1- A2-C1	25
--	---------	-----------------------------	-------------------------------------	--------------	----

Este posto está aberto a persoal funcionario/laboral, o posto estaba ocupado por un traballador, persoal laboral fixo, inscrito no proceso de funcionarización que se publicou no Diario Oficial de Galicia do 30 de abril de 2021.

A fin de que o traballador poda levar a cabo o seu proceso no que está inscrito, cómpre que estea a desempeñar un posto da súa categoría laboral: Director/a-Administrador/a... (Grupo II, categoría 001).

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de Coordinador de Recursos de Atención á Dependencia e Autonomía Persoal na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, coas seguintes características:

Unidade Adtva.	Cód. Posto	Denominación	Grupo/Subgrupo
S.X. de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna	PS.C05.00.000. 15770.165	Coord. Recursos Atenc. Dependencia e Autonomía Persoal	I / 001, 002

A fin de que o traballador se poda adscribir para funcionarizarse neste posto, propónse a súa modificación e abrir o posto á categoría de Director/a-Administrador/a... (Grupo II, categoría 001), quedando coas seguintes características:

Unidade Adtva.	Cód. Posto	Denominación	Grupo Subgru po	Nivel Categoría
S.X. de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna	PS.C05.00.000. 15770.165	Coord. Recursos Atenc. Dependencia e Autonomía Persoal	I / 001, 002 <b>II</b> / <b>001</b>	B12 = 10468,08 €

### 3.- AMORTIZACIÓNS

Nesta consellería propóñense as seguintes amortizacións:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUP O SUBG	NIVE L CATE
---------------------------	--------------------	--------------------------	-------------------	-------------------



			<b>RUPO</b>	<b>G.</b>
S.X. DE DEPENDENCIA E VALORACIÓN DA DISCAPACIDADE	PS.C05.00.002.15 770.010	XEFATURA SERVIZO DE COORDINACIÓN DE PROCESOS	A1-A2	28
CENTRO COORDINADOR DE INFORMACIÓN E DOC. XUENIL VOLUNTARIADO	PS.C06.00.201.1 5770.001	DIRECTOR/A DO CENTRO COORDINADOR	A1- A2- C1	25
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.1 5770.052	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
CENTRO COORDINADOR DE INFORMACIÓN E DOC. XUENIL	PS.C06.00.201.1 5770.007	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL VIGO	PS.C99.10.000.3 6560.610	TELEFONISTA	V	3

<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>CÓDIGO DO POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN DO POSTO</b>	<b>GRUPO SUBGRUPO</b>	<b>NIVEL CATEG.</b>
S.X. DE DEPENDENCIA E VALORACIÓN DA DISCAPACIDADE	PS.C06.00.002.1 5770.003	SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL	C1 - C2	16
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.1 5770.066	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.1 5770.067	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D.X. DE MAIORES E				



PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PS.C05.00.000.1 5770.051	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D. X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PS.C05.00.000.1 5770.055	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	PS.C07.00.000.15 770.030	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.15 770.057	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.15 770.050	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PS.C02.00.000.15 770.061	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
CENTRO COORD. DE INFORMAC. XUVENIL	PS.C.07.00.201.15 770.004	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN	PS.C04.00.000.15 770.020	POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14

O aforro derivado das amortizacións propostas será destinado integramente a financiar as creacións propostas, permitindo adecuar o gasto de persoal ás necesidades que na actualidade ten a Secretaria Xeral Técnica.

## **NOVA RPT**

### **AMORTIZACIÓNS**

#### **I.) Amortizacións derivadas da estrutura.**

Como consecuencia da última modificación de estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (Decreto 124/2022, do 23 de xuño), publicada no DOG nº130 de 8 de xullo de 2022, nesta consellería propóñense as seguintes amortizacións:

a) Na anterior Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade:



1.- Un posto base subgrupo C2 (código PS.C05.00.000.15770.061), vacante pura, sen titular nin ocupante. A dotación orzamentaria deste posto foi retirada no seu momento coincidindo coa modificación da estrutura da Consellería de Política Social.

2.- Na Subdirección xeral de Recursos Económicos amortízanse os postos:

- subdirector/a xeral de Recursos Económicos (código PS.C05.00.001.15770.001)
- xefe/a de servizo de Xestión e Coordinación Administrativa (código PS.C05.00.001.15770.003).

3.- Na Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna os postos:

- subdirector/a xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna (código PS.C05.00.003.15770.001).
- xefe/a de servizo de Recursos Comúns e de Atención ao Alzheimer (código PS.C05.00.003.15770.010).
- xefe/a de servizo de Recursos Especializados para a Discapacidade (código PS.C05.00.003.15770.030).

4.- Na Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia amortízanse os postos:

- subdirector/a xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia (código PS.C05.00.004.15770.001).
- xefe/a de Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (código PS.C05.00.004.15770.010)
- xefe/a de Servizo de Prevención da Dependencia (código PS.C05.00.004.15770.030)

b) Na anterior Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria amortízanse os seguintes postos:

1.- Na Subdirección Xeral de Planificación, Sistemas de Información, Calidade, Humanización e Innovación Asistencial os postos:

- subdirector/a xeral de Planificación, Sistemas de Información, Calidade, Humanización e Innovación Asistencial (código PS.C06.00.001.15770.001)
- xefe/a de servizo de Planificación, Innovación Asistencial e Xestión da Información (código PS.C06.00.001.15770.010)
- xefe/a de servizo de Calidade, Humanización, Seguridade e Formación Continuada (código PS.C06.00.001.15770.020).

2.- Na Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade o posto:

- xefe/a de servizo de Discapacidade (código PS.C06.00.002.15770.020).



## **II.) Gabinete Consellería.**

PS.C01.00.000.15770.002 axudante/a secretario/a (16). O centro de destino deste posto é o gabinete da conselleira. Propoñemos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos económicos precisos para crear un posto de secretario/a de apoio, nivel 18 e forma de provisión LD. Entendemos que ao ser un posto dentro do secretariado da conselleira debe ter como forma de provisión a LD e ao igual que as demais consellerías o nivel de complemento debe ser o 18.

## **III.) Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.**

PS.C05.00.004.15770.005 xefatura de sección, nivel 25, subgrupo A1,A2,C1, corpo/escala xeral, AXG. Solicitamos a súa amortización co fin último de crear unha sección de corpo especial por entender que é máis adecuada as funcións que ten encomendadas, de conformidade coa explicación que se da no apartado de creacións.

## **IV.) Dirección Xeral de inclusión**

Tendo en conta, ademais da actual dotación de persoal desta dirección xeral, a execución dos proxectos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e a asunción ex novo da xestión do bono térmico, entre outras actuacións. Consideramos preciso acometer unha modificación da Relación de Postos de Traballo co fin de dotar a esta dirección dunha xefatura de sección aberta aos subgrupos A1, A2 e C1 de nivel 25, que permita xestionar adecuadamente as importantes funcións citadas anteriormente.

Consonte o anterior e co fin de obter os recursos económicos necesarios para a creación antedita, propoñemos a amortización de dous postos de Xefatura de Negociado con códigos PS.C04.00.002.15770.023 e PS.C04.00.002.15770.024. Os dous postos de Xefaturas de Negociado indicados non están ocupados, pois a persoas titulares están en comisión de servizos.

O posto PS.C04.00.002.15770.023 non estivo ocupado desde o 17/05/2021 ata o 6/06/2022, período no que se ofertou en comisión de servizos e non se presentou ningunha solicitude para a súa cobertura. No concurso de traslados de Administración Xeral este posto foi adxudicado e volveu a quedar vacante. O 19/07/2022 se ofertou de novo para a súa cobertura en comisión de servizos e tampouco se presentou ningunha solicitude para a súa cobertura.

O posto PS.C04.00.002.15770.024 non está ocupado desde o 7/06/2022, anteriormente ofertouse para a súa cobertura en comisión de servizos, non presentándose ningunha solicitude.

## **V.) Dirección Xeral de familia, infancia e dinamización demográfica.**



1.- Posto base subgrupo A1 PSC030000015770010. Vacante pura.

2.- Posto base subgrupo C2 PSC030000015770035. Titular en comisión de servizos.

Plantéxase a amortización destes postos ante a dificultade da súa cobertura e co fin último de xerar os recursos económicos precisos para crear un posto de xefatura de negociado, pois entendemos que o negociado é un posto máis adecuados tendo en conta a dotación de persoal desta dirección xeral.

## **VI.) Xefatura territorial de Coruña**

1.- Dous postos base A2 (PSC991000015001038, PSC991000015001041. Vacantes puros. Debido á dificultade de cobertura dos postos base e á pouca permanencia nos mesmos, ante a lóxica querencia dos seus ocupantes de postos con certo nivel de complemento de destino, plantexamos a amortización destes dous postos co fin último de xerar os recursos necesarios para crear dous postos de xefatura de negociado (nivel 18) abertos aos grupos A2, C1 e C2, postos que entendemos que van xerar unha maior posibilidade de cobertura e unha maior permanencia nos mesmos.

Estas xefaturas de negociado reforzarían a dotación de efectivos do servizo de coordinación administrativa e do servizo de prestacións, inclusión e inmigración.

2.- O posto PSC991000015001520, titulado superior. Vacante puro. Plantexamos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos necesarios para crear un posto do Corpo superior da Administración especial, escala facultativos, especialidade psicólogo. Debemos ter presente que este posto está vinculado ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica no seu ámbito de protección de menores. Entendemos que o perfil de psicólogo é o máis adecuado tendo en conta a situación actual do persoal vinculado a ese servizo.

## **VII.) Xefatura territorial de Ourense**

1.- O posto PSC994021032001014, Xefe/a de cociña (grupo III, cat.014) (posto vacante ocupado en superior categoría) na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas. Plantexamos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos necesarios para crear un posto de oficial 2ª de cociña (grupo IV, cat.005). Este posto que se propón amortizar está vacante e está sendo ocupado nestes últimos anos en superior categoría por unha oficial 1ª do centro.





2.- O posto PSC994030132001062, Coidador/a a extinguir (grupo III, cat.099) (vacante ocupada en adscrición temporal) no Centro de menores A Carballeira. Plantexamos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos necesarios para crear un posto de educador/a (subgrupo A2, escala técnica de facultativos, especialidade de educadores), con nivel 20, horario especial e formación específica de permiso de conducir (954).

O motivo de solicitar a amortización do coidador e a creación dun educador é que na quenda de noite é necesaria a presenza de persoal técnico.

3.- O posto PSC994030132001175, subalterno/a, con nocturnidade (vacante ocupada en comisión de servizos) no Centro de menores A Carballeira. Plantexamos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos necesarios para crear un posto de auxiliar coidador/a (grupo IV, cat. 004). O posto de subalterno/a con nocturnidade carece de sentido, xa que este persoal non realiza tarefas de atención aos menores do centro, que si realizaría un auxiliar coidador/a e que son as realmente necesarias.

4.- O posto PSC994080132230034, Peón/oa especializado (grupo V, cat.002) na Residencia de Maiores de Castro Caldelas, vacante desde o 01/01/2023 por finalización dun contrato de relevo. Plantexamos a amortización deste posto co fin último de xerar os recursos necesarios para crear un posto de oficial 1ª de mantemento (grupo III, cat. 069). Esta figura é imprescindible porque si non, para a maioría das reparacións, hai que acudir a empresas, xa que un peón especializado só ten obriga de realizar as reparacións máis básicas.

5.- PSC991000032001513, Pedagogo/a (subgrupo A1). Este posto está vacante desde o 12/04/2019, xa que a súa titular solicitou unha excedencia voluntaria por interese particular. Desde entón a praza non se cubriu en ningún momento e non se considera necesaria a súa cobertura porque non se trata dunha especialidade que se adapte ben nin ás necesidades dos centros nin dos servizos da xefatura.

6.- PSC991000032001460, Director/a a extinguir (subgrupo A1). Este posto xa figura a extinguir na RPT e está vacante desde o 04/10/2022, data na que cesou a última ocupante. Desde 2014 estivo sempre (a excepción de 6 meses que estivo ocupada en funcións de superior categoría) ocupada mediante contrato de relevo. A categoría de director/a non é a que mellor se adapta as necesidades do servizo de xuventude do que depende, polo que se propón a súa amortización.

7.- PSC991000032001092, subalterno/a da xefatura territorial (vacante pura). Co fin de crear o mesmo posto no Centro Sociocomunitario de Ourense. Na xefatura entendemos que se pode prescindir deste posto, co fin de xerar os recursos necesarios para crealo no citado centro sociocomunitario.

### **VIII.) Xefatura territorial de Vigo**



1.- Catro postos de EDUCADOR/A vacantes sen ocupación, grupo A2, nivel 20, CE 22, EMS2, AXG no Centro de Menores Avelino Montero : PSC994030136001008, PSC994030136001016, PSC994030136001018, PSC994030136001027. O nivel de ocupación do centro nos últimos anos fai que se considere esta proposta de amortizacións, co fin de xerar os recursos necesarios para propoñer creacións de postos nesta mesma rpt que entendemos máis necesarios.

2.- O Centro Ocupacional O Saiar conta na súa RPT con prazas de monitor/a ocupacional, grupo II categoría 21, que teñen funcións propias de oficios (xardinaría, carpintería, cestería, etc.), e levan a cabo programas deseñados para os usuarios destes centros. Como consecuencia dos procesos de funcionarización desaparece esta categoría para facer chamamentos en listas de contratación, polo que as persoas que se designan pertencen ao grupo A2 da Admón. Xeral da Xunta de Galicia, sen unha titulación específica nin formación de ningún tipo como monitor/a ocupacional. En virtude disto, propónse a amortización destas prazas, que se relacionan de seguido, e a creación de mestre/a de taller, grupo 3 categoría 12, que é un perfil que se acomoda máis as funcións a desenvolver cos usuarios do centro.

- PSC994050136050011. Monitor ocupacional, grupo 2 categoría 21 (vacante con ocupación).
- PSC994050136050012. Monitor ocupacional, grupo 2 categoría 21 (vacante con ocupación).

3.- PS.C99.40.901.36440.065 Mestre de taller, no CAPD de Redondela (vacante).

A xustificación para a amortización do praza de mestre/a de taller de barro responde a cuestións reorganizativas da plantilla do centro. Por unha banda, considérase que as actividades que se desenvolven no taller de barro poden ser substituídas por outro tipo de actividades realizados por persoal doutros departamentos do centro, tal como o de educadores.

Os recursos xerados coa citada amortización son necesarios para crear unha praza de Oficial 2ª de cociña, cos complementos seguintes: B10, B14 e B18.

## MODIFICACIÓNS

### I.) Modificacións derivadas da estrutura

Como consecuencia da última modificación de estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (Decreto 124/2022, do 23 de xuño), publicada no DOG nº130 de 8 de xullo de 2022, nesta consellería propóñense as seguintes modificacións.



1.- A anterior Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria pasa a denominarse Subdirección Xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade e pasa a depender da Secretaría Xeral Técnica.

2.- O anterior Servizo de Dependencia, con dependencia orgánica e funcional da Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, pasa a denominarse Servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade, con dependencia orgánica e funcional da Subdirección Xeral de Valoración da Dependencia da Discapacidade na Secretaría Xeral Técnica.

Polo que se propón modificar os seguintes postos:

- O anterior subdirector/a xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade (código PS.C06.00.002.15770.001) pasa a ser o/a subdirector/a xeral de Valoración da Dependencia e da Discapacidade.

- A anterior Xefatura Servizo da Dependencia (código PS.C06.00.002.15700.009) pasa a ser o xefe/a de servizo de Valoración da Dependencia e da Discapacidade.

3.-O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) que dependía da anterior Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade pasa a depender da nova Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

4.-A anterior Subdirección Xeral de Programas para a Xuventude que dependía da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pasa a denominarse Subdirección Xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude.

Polo que se propón modificar o seguinte posto:

- PS.C07.00.002.15770.001 o anterior subdirector/a xeral de Programas para a Xuventude pasa a denominarse subdirector/a xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude.

## II.) Servizos Centrais

PSC.C05.00.005.15770.002. Director/a CEGADI. Ante a posibilidade de que o posto sexa ocupado por laboral temporal débese poñer a observación “si é persoal laboral grupos: I, II // complemento singularidade ata importe do subgrupo A1-A2, nivel 28A, co límite establecido no convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.



### **III.) Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.**

PS.C03.00.002.15770.020 - xefatura servizo de Protección de Menores, nivel 28, subgrupo A1/A2, forma de provisión concurso específico e adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

O posto está adscrito a subdirección xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia que solicita a apertura do posto a adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia e do Estado, A11, e a súa provisión a través de libre designación de conformidade coa explicación que se da en memoria anexa.

### **IV.) Xefatura territorial de Coruña**

1.- Apertura do posto PSC991000015001085, posto base C2 (A11), posto vacante dende o mes de maio de 2017, a adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado, comunidades autónomas e administración local (A12).

O posto está adscrito ao servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, polo que resulta moi beneficioso para o desenvolvemento do traballo a el asignado abrilo a A12, pois convén lembrar que as competencias do servizo no eido da protección de menores se canalizan a través das relacións cos servizos sociais municipais, cos que cómpre manter comunicación constante e áxil, xa que todos os expedientes se inician no concello. Ademais, contar cun perfil máis amplo aporta maiores garantías para a súa cobertura.

2.- Apertura do posto PSC991000015001060 (AXG) e do posto PSC994080115001032 (AXG) (postos base C1) a adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas (A11).

Efectúase esta proposta en base á consideración de que un perfil máis amplo dos postos aporta maiores garantías de cobertura dos mesmos.

3.- Incorporar ao posto PSC991000015001547, psicólogo/a, o requisito indispensable de carné de conducir (código 954) como formación específica. O posto pertence ós técnicos dos equipos de Menores do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e os técnicos dos equipos de menores, con carácter xeral, teñen que conducir.

4.- Incorporar ao posto PSC991000015001645, terapeuta ocupacional, a observación "Itinerante", así como o requisito indispensable de carné de conducir (código 954) como formación específica. Os terapeutas ocupacionais realizan valoracións a domicilio en diferentes puntos da provincia, utilizando como medio de transporte un vehículo, polo que necesitan carné de conducir.



5.- Suprimir a referencia á Disposición Transitoria 10ª dos seguintes posto por estar vacantes:

PSC991000015001401, titulado superior, (adquisición de condición de funcionario de carreira).

PSC991000015001406, titulado superior, (excedencia por interese particular).

PSC991000015001521, titulado superior, (xubilación).

6.- Suprimir nos postos que a continuación se relacionan en observacións “xornada de tarde”. As persoas ocupantes realizan a xornada ordinaria de traballo.

PSC991000015001538, psicólogo.

PSC991000015001539, psicólogo.

7.- Suprimir nos postos que a continuación se relaciona a observacións “xornada partida”. As persoas ocupantes realizan a xornada ordinaria de traballo.

PSC991000015001532, psicólogo.

PSC991000015001590, educador.

PSC991000015001591, educador.

PSC991000015001592, educador.

8.- Incorporar ao posto PSC994030115350004, Educador/a do Centro de atención de menores de Ferrol, a observación “horario especial: Quendas”. A persoa que ocupa o posto xa realiza quendas.

9.- Incorporar ao posto PSC994080115350077, Auxiliar de clínica da Residencia de maiores de Ferrol, a observación “horario especial: Quendas” . A persoa que ocupa o posto xa realiza quendas.

10.- PSC.C99.40.801.15770.001. Director/a Residencia de Maiores de Santiago. Ante a posibilidade de que o posto sexa ocupado por laboral temporal débese poñer a observación “// B18 // si é persoal laboral grupos: I, II // complemento singularidade ata importe do subgrupo A1-A2, nivel 25, co límite establecido no convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.



## V.) Xefatura territorial de Ourense

1.- O posto PSC994021032001023, Costureiro/a na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas: Plantexamos o cambio de denominación deste posto a camareiro/a- limpador/a, que é do mesmo grupo e categoría. A razón é que, por un lado, este posto na práctica está vinculado á lavandería do centro e por outro é preciso rematar con estas denominacións antigas, que non se corresponden coa realidade actual dos centros. Cotinuaría a observación xa existente en rpt "Cando sexa vacante sen ocupación pasará a horario especial: Quendas".

2.- En relación aos postos de subalerno/a na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (no centro hai 6 postos de subalerno/a), na actualidade temos dous problemas:

O primeiro é que temos un subalerno con turnicidade e outro sen ela, polo que temos unha semana dous efectivos en quenda de mañá e ningún de tarde e a semana seguinte un de mañá e un de tarde.

O segundo problema é que, cos contratos de fin de semana, calquera incidencia que haxa con este persoal ten que ser substituída.

Como consecuencia, propoñemos:

- Modificar o posto PSC994021032001010 (vacante ocupada por interino) e engadir a observación de "horario especial".

- Modificar os postos PSC994021032001060 e PSC994021032001061, (vacantes ocupadas por interino) con horario especial de 15 horas (fin de semana). Proponse o seu pase a xornada completa, engadindo a observación de "horario especial".

Con estas modificacións dos postos de subalternos o que se consegue é ter dous con nocturnidade que cobren todas as quendas de noite de luns a domingo e catro en xornada completa e que cubrirían todas as quendas de mañá e tarde de luns a domingo. Ao ter catro efectivos a xornada completa temos mínimo un efectivo en cada quenda de mañá e tarde e hai maior posibilidade de organización e de cobertura co propio persoal das incidencias que xurdan.

3.- Engadir a observación de horario especial ao posto PSC994020132001030 (vacante) Na Casa da Xuventude.



4.- Engadir a observación “cando sexa vacante sen ocupación: Horario Especial” ao posto PSC994020132001035 (laboral fixo), subalerno/a Na Casa da Xuventude.

5.- Quitar a quenda de tarde e engadir a observación de horario especial ao posto PSC994020132001031 (non vacante ocupada por funcionario), subalerno/a. Na Casa da Xuventude.

Os efectivos dos puntos 3, 4 e 5 xa están realizando na práctica quendas de mañá e tarde e están traballando os sábados, motivo polo que se propón engadir a observación nos termos expostos.

## **VI.) Xefatura territorial de Vigo**

### **1.- Na Xefatura territorial.**

1.- Incorporar o requisito indispensable de carné de conducir (código 954) como formación específica ós técnicos dos equipos de Menores do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que se relacionan a continuación, pois os técnicos de menores con carácter xeral teñen que conducir.

- PSC991000036560439 Psicólogo/a
- PSC991000036560440 Psicólogo/a
- PSC991000036560441 Psicólogo/a
- PSC991000036560452 Pedagogo/a
- PSC991000036560512 Asistente social
- PSC991000036560470 Coordinador/a de menores

2.- Incorporar ós postos que a continuación se relacionan en observacións “Itinerante”, así como o requisito indispensable de carné de conducir (código 954) como formación específica). Os terapeutas ocupacionais realizan valoracións a domicilio en diferentes puntos da provincia, utilizando como medio de transporte un vehículo, polo que tamén necesitan carné de conducir.

- PSC991000036560550 Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560551 Terapeuta ocupacional



- PSC991000036560552      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560553      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560554      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560555      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560556      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560557      Terapeuta ocupacional
- PSC991000036560558      Terapeuta ocupacional

3.- PSC991000036560461, Sociólogo/a, grupo I, categoría 14. Vacante con ocupación. A persoa titular do posto era da Disposición Transitoria 10ª pero xa se xubilou, polo que se propón suprimir esta apreciación da columna de observacións.

4.- Suprimir nos postos que a continuación se relacionan a observación “xornada de tarde”. As persoas ocupantes realizan a xornada ordinaria de traballo.

- PSC991000036560428      Psicólogo/a
- PSC991000036560429      Psicólogo/a
- PSC991000036560430      Psicólogo/a

5.- Suprimir no posto PSC991000036560432, Psicólogo/a, a observación “xornada partida/horario especial”. A persoa ocupante realiza a xornada ordinaria de traballo.

## **2.- Oficina de valoración de dependencia e discapacidades (Pontevedra).**

1.- PSC993010136001004, Médico/a, grupo I, categoría 2. A persoa titular do posto era da Disposición Transitoria 10ª, pero xa se xubilou, polo que se propón suprimir esta apreciación da columna de observacións.

2.- Incorporar ós postos que a continuación se relacionan en observacións “Itinerante”, así como o requisito indispensable de carné de conducir (código 954 como formación específica). Os terapeutas ocupacionais realizan valoracións a domicilio en diferentes





puntos da provincia, utilizando como medio de transporte un vehículo, polo que tamén necesitan carné de conducir.

- PSC993010136001030      Terapeuta ocupacional
- PSC993010136001031      Terapeuta ocupacional
- PSC993010136001032      Terapeuta ocupacional
- PSC993010136001033      Terapeuta ocupacional
- PSC993010136001034      Terapeuta ocupacional
- PSC993010136001035      Terapeuta ocupacional

### **3.- Oficina Local de Pontevedra.**

1.- PSC991010136001007, Posto base subgrupo C1. Vacante con ocupación. Suprimir a observación "Ocupado por laboral fixo", ao estar xubilada a persoa titular deste posto.

### **4.- Centro de menores Avelino Montero.**

1.-PSC994030136001004, Responsable centro de menores. Incorporar o requisito indispensable de carné de conducir (código 954) como formación específica. As funcións propias do posto requiren dispoñer de carné de conducir.

### **5.- Residencia de Tempo Libre de Panxón.**

1.- PSC994021036350007. Encargado de traballos. Vacante con ocupación. Na actual RPT este posto está clasificado no grupo III, categoría 10, categoría que non existe no actual convenio colectivo. Faise necesario modificar o posto á categoría equivalente no V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia vixente neste momento, grupo III, categoría 6. É imprescindible este cambio, xa que cada vez que xurde a necesidade de cubrir a praza, listas de contratación non a cubre por figurar errónea a categoría e autoriza ir a oferta xenérica.

### **6.- Casas da Xuventude.**

A Consellería de Política Social e Xuventude na provincia de Pontevedra conta con 3 Espazos Xoves (Lalín, Tui e Vilagarcía de Arousa). Nestes Espazos, ademais de informar á mocidade dos programas, actividades e servizos dos que dispón a Xunta de Galicia, realízanse actividades propias e tamén cédense as instalacións a asociacións e entidades

Secretaría Xeral Técnica  
Edificio Administrativo San Caetano, 8A  
15781 Santiago de Compostela  
+34 981 54 56 53  
subdireccionpersoal.politicasocial@xunta.gal  
25 de 33



xuvenís para a realización de actividades que se desenvolven durante toda a xornada, pero especialmente en horario de tarde.

As especiais características dos servizos que se proporcionan nestes Espazos Xoves, fai imprescindible a adecuación dos seus horarios ás necesidades do seu público obxectivo, polo que é necesario que o persoal destes centros dispoña de un horario especial, distribuído en mañás, tardes e/ou fins de semana. Actualmente os ocupantes destes postos xa están facendo este horario.

#### **Casa da Xuventude de Lalín.**

1.- PSC994020136240002. Director/a Casa da Xuventude. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “xornada partida/horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a xornada partida, salvo no verán que realiza horario de mañá.

2.- PSC994020136240006. Subalterno/a. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “xornada partida/horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a xornada partida, salvo no verán que realiza horario de mañá.

#### **Casa da Xuventude de Tui.**

1.- PSC994020136540001. Director/a Casa da Xuventude. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “xornada partida/horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a xornada partida, salvo no verán que realiza horario de mañá.

2.- PSC994020136540005. Sulalterno/a. Posto de media xornada. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a súa xornada en horario de tarde, salvo no verán que realiza horario de mañá.

#### **Casa da Xuventude de Vilagarcía de Arousa.**

1.- PSC994020136590001. Director/a Casa da Xuventude. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “xornada partida/horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a xornada partida, salvo no verán que realiza horario horario de mañá.

2.- PSC994020136590004. Subalterno/a. Posto de media xornada. Vacante con ocupación. Incluír en Observacións “horario especial”. Actualmente a persoa ocupante do posto realiza a súa xornada en horario de tarde, salvo no verán que realiza horario de mañá.

#### **7.- Centro sociocomunitario Vigo.**



1.- PSC994060136560001. Director/a Administrador/a. Non vacante. Por Resolución do 18.02.22 da Consellería da Presidencia e Administración Pública modifícase a relación de postos de traballo relativa aos procesos de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral, entre os que se atopaban as direccións dos Centros Sociocomunitarios, pasando a chamarse Director/a de Centro Social, Grupo A2, nivel 21, CE (concurso específico), EMS (Especial, escala técnicos facultativos).

Este centro antigamente era un Fogar do Maior, pero reconverteuse a Centro sociocomunitario. Coa finalidade de harmonizar todas as direccións dos centros sociocomunitarios, faise necesario a modificación do posto nestes mesmos termos.

### **9.- Centro sociocomunitario Pontevedra.**

1.- PSC994060136001001. Director/a Administrador/a. Vacante con ocupación. Por Resolución do 18.02.22 da Consellería da Presidencia e Administración Pública modifícase a relación de postos de traballo relativa aos procesos de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral, entre os que se atopaban as direccións dos Centros Sociocomunitarios, pasando a chamarse Director/a de Centro Social, Grupo A2, nivel 21, CE (concurso específico), EMS(Especial, escala técnicos facultativos).

Este centro antigamente era un Fogar do Maior, pero reconverteuse a Centro sociocomunitario. Coa finalidade de harmonizar todas as direccións dos centros sociocomunitarios, faise necesario a modificación do posto nestes mesmos termos.

### **10.- CAPD de Redondela.**

1.- PSC99.040.901.36440.101.- Oficial 1º de Cociña. Engadir o plus de especial dedicación, co fin de facilitar as rotacións no departamento de cociña.

### **12.- Residencia de Maires de Marín**

1.-PSC.C99.40.801.36260.001. Director/a-administrador/a. Ante a posibilidade de que o posto sexa ocupado por laboral temporal débese poñer a observación “// B18 // si é persoal laboral grupos: I, II // complemento singularidade ata importe do subgrupo A1-A2, nivel 25, co límite establecido no convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.

### **CREACIÓNS.**



I.) Como consecuencia da última modificación de estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (Decreto 124/2022, do 23 de xuño), publicada no DOG nº130 de 8 de xullo de 2022, nesta consellería propóñense as seguintes creacións:

a) Na nova Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade:

1.-Subdirector/a Xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade (A1, nivel 30 - A15) na Subdirección Xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade

Nos novos servizos creados, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Contratación e Xestión Económica (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Contratación e Xestión Económica.
- Xefe/a de servizo de Recursos e Equipamentos para a Discapacidade (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Recursos e Equipamentos para a Discapacidade,

2.-Subdirector/a Xeral de Programas de Apoio á Discapacidade (A1, nivel 30 - A15) na Subdirección Xeral de Programas de Apoio á Discapacidade

Nos novos servizos creados, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Programas para a Discapacidade (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Programas para a Discapacidade.

b) Na nova Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria:

1.-Subdirector/a Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores (A1, nivel 30 - A15) na Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores

Nos novos servizos creados, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Recursos Comúns (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Recursos Comúns.
- Xefe/a de servizo de Xestión e Coordinación Administrativa (A1-A2- nivel 28 - A15) no Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa,

2.-Subdirector/a Xeral de Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial (A1, nivel 30 - A15) na Subdirección Xeral de Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial

No novo servizo creado, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:



- Xefe/a de servizo de Calidade, Humanización e Xestión da Información (A1-A2-nivel 28 – A15) no Servizo de Calidade, Humanización e Xestión da Información.

3.-Subdirector/a Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria (A1, nivel 30 – A15) na Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria

No novo servizo creado, con dependencia orgánica e funcional desta subdirección:

- Xefe/a de servizo de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia (A1-A2-nivel 28 – A15) no Servizo de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia.

## **II.) Gabinete Consellería.**

Propónse a creación dun un posto de secretario/a de apoio, nivel 18 e forma de provisión LD. Aberto aos grupos C1 e C2. Entendemos que ao ser un posto dentro do secretariado da conselleira debe ter como forma de provisión a LD e ao igual que as demais consellerías o nivel de complemento de destino debe ser o 18.

## **III.) Dirección xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.**

Propónse a creación dun posto de xefatura de sección de Prevención da Dependencia, nivel 25, subgrupo A1/A2, corpo de administración especial.

O DECRETO 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, recolle a creación da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria. Dentro desta DX, no art. 27 establécese a Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.

Entre as funcións de dita S.X. actualmente están: Coordinar a Rede galega de centros sociocomunitarios e Impulsar o deseño e a planificación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia a través das entidades locais de Galicia, así como a coordinación e apoio ás xefaturas territoriais na xestión do financiamento ás entidades locais prestadoras do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

Estas funcións son novas respecto das anteriores competencias que tiña dita S.X. (segundo a estrutura do Decreto do 2020).



Esta nova sección integrárase na subdirección xeral de Envellecemento Activo, Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria. Coas seguintes funcións:

- Xestión da prestación de servizos de SAF e Teleasistencia.
- Seguimento e monitorización de programas de envellecemento activo,
- Coordinación funcional das competencias da dirección xeral relacionadas cos traballadores sociais das xefaturas territoriais.

Como consecuencia, entendemos necesaria a creación desta sección de corpo especial, para así poder afrontar a correcta realización do traballo e funcións que son da súa competencia.

#### **IV.) Dirección Xeral de familia, infancia e dinamización demográfica.**

Propónse a creación dun posto de xefatura de negociado, aberto aos subgrupos A2, C1 e C2. Os negociados son postos máis adecuados tendo en conta a dotación de persoal desta dirección xeral.

#### **V.) Dirección Xeral de Inclusión.**

Propónse a creación dunha Xefatura de Sección, aberta aos subgrupos A1, A2 e C1 de nivel 25.

Temos que sinalar que na actualidade, dada as funcións encomendadas á Dirección Xeral de Inclusión Social e máis concretamente á Subdirección Xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica (unidade á que se adscribirá a Xefatura de Sección que se pretende crear) precisamos contar cun posto de maior nivel que poida asumir actuacións de gran calado relativas á xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, xa que esta unidade ten que executar un proxecto, xa en marcha, cuxo obxectivo é rehabilitar, directamente ou ben subscribindo convenios de colaboración coas entidades locais, un total de 100 vivendas destinadas a persoas sen fogar, ademais desde esta subdirección coordináse actuacións ( emisión informes, carga e remisión de datos) dos demais proxectos MRR da dirección xeral.

Despois da última modificación dos prazos de execución do proxecto de rehabilitación de vivendas, que remata no primeiro trimestre de 2026, poder contar cunha Xefatura de Sección que se encargue das tarefas administrativas imprescindibles para executar o devandito proxecto é imprescindible.

Optamos pola creación dunha Sección de Administración Xeral (aberta aos subgrupos A1, A2 e C1) dado que as funcións que deberá asumir este posto son de carácter administrativo e técnico, consistentes na preparación de convenios de colaboración con entidades locais, tramitación de expedientes de contratación administrativa, xustificación aos distintos organismos da execución dos fondos MRR, carga das actuacións na aplicación CoFEE e a coordinación do resto dos proxectos MRR desta dirección xeral.

Por outra banda a esta Xefatura de Sección tamén se lle encomendaría as tarefas relacionadas coa preparación e adxudicación dun concerto de prazos, o que nos



permitiría, unha vez rehabilitadas as vivendas mencionadas anteriormente, adxudicar estas, a entidades de iniciativa social para desenvolver un programa de acompañamento a persoas sen fogar. Esta actuación xa está incluída no Programa Operativo FSE+ 2021-2027.

De acordo o exposto estas tarefas necesitan dun perfil de maior nivel administrativo polo que resulta absolutamente imprescindible a amortización dos dous postos de nivel 18, xefatura de Negociado e a creación dun posto de xefatura de Sección, nivel 25.

## **VI.) Xefatura territorial de Coruña**

1.- Proponse a creación de dous postos de xefatura de negociado N18. Estas xefaturas de negociado reforzaría a dotación de efectivos do servizo de coordinación administrativa e do servizo de prestacións, inclusión e inmigración.

2.- Proponse a creación de dun posto de psicólogo no Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica no ámbito de protección de menores. Entendemos que o perfil de psicólogo é o máis adecuado tendo en conta a situación actual do persoal vinculado a ese servizo.

## **VII.) Xefatura territorial de Ourense**

1.- Proponse a creación dun posto de oficial 2ª de cociña (grupo IV, cat.005). na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas.

2.- Proponse a creación dun posto de auxiliar coidador/a (grupo IV, cat. 004) no Centro de menores de A Carballeira, con fin de que realice tarefas de atención aos menores do centro, que son as realmente necesarias.

3.- Proponse a creación dun posto de oficial 1ª de mantemento (grupo III, cat. 069) Na Residencia de Maiores de Castro Caldelas. Con esta creación o que se pretende é de igualar esta residencia coa do Carballiño, que ten tamén oficial 1ª de mantemento. Esta figura é imprescindible porque si non para a maioría das reparacións hai que acudir a empresas, xa que un peón especializado só ten obriga de realizar as reparacións máis básicas. A isto hai que engadir o problema das listas de contratación, xa que actualmente este posto se cubre coas listas de subalterno/a, co cal pode acceder calquera persoa ao posto sin os mínimos coñecemento para realizar tarefas de mantemento.

4.- Proponse a creación dun posto de limpador/a (Agrupación profesional, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais: especialidade de limpeza e cociña) no Centro Sociocomunitario de Ourense. Neste centro só hai un posto de limpador/a e estase acudindo á externalización do servizo para poder prestar o servizo de limpeza durante



todo o horario de apertura do centro, xa que neste centro é imprescindible polo número de usuarios. Cun posto máis de limpador/a poderíase ter un efectivo en quenda de mañá e outro de tarde e reducir moito a externalización do servizo.

5.- Proponse a creación dun posto de educador/a (subgrupo A2, escala técnica de facultativos, especialidade de educadores), con nivel 20, horario especial e formación específica permiso de conducir (954). No Centro de menores de A Carballeira. O motivo de solicitar a creación dun educador é a necesidade de contar con persoal técnico na quenda de noite.

6.- Proponse a creación dun posto de subalterno, grupo AP, nivel 10, AXG, no Centro Sociocomunitario de Ourense. Este centro abre de luns a venres en quenda de mañá e tarde e sábados, domingos e festivos en quenda de tardes. Hai 3 postos de subalterno/a en RPT e debido as características do centro (situación, número e tipo de usuarios) faise imprescindible contar cun mínimo de 2 efectivos da categoría nas quendas de tarde, que é imposible con este número de efectivos. Actualmente son efectivos doutras categorías os que están colaborando de xeito voluntario cos subalternos para paliar esta carencia de persoal. Cun posto máis poderíase reforzar a quenda de tarde con persoal subalterno.

### **VIII.) Xefatura territorial de Vigo.**

1.- Proponse a creación de tres postos de PSICÓLOGO/A, grupo A1, nivel 22, CE 23, ESS2, AXG, con formación específica carné de conducir (código 954)

2.- Proponse a creación de tres postos de TRABALLADOR/A SOCIAL, grupo A2, nivel 20, CE 22, EMS5, AXG, con formación específica carné de conducir (código 954)

De acordo co establecido no *Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro*, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, as xefaturas territoriais teñen baixo a súa dependencia os equipos técnicos do menor que teñen carácter multidisciplinar.

A carga de traballo actualmente existente produce unha excesiva presión para os técnicos, xa que hai que atender aos menores sen dilación polo perigo que supón o non facelo. Cabe destacar que está aumentando o número de menores que chegan ao Servicio de Menores en situación de risco para a súa propia integridade, o que produce unha importante urxencia para as familias pero tamén para os técnicos que deben asumir de inmediato esta situación de enorme responsabilidade.

En virtude do exposto é imprescindible a creación dun novo equipo técnico conformado por 3 psicólogos/as e 3 traballadores/as sociais.





3.- Proponse a creación dun posto de FISIOTERAPEUTA, grupo A2, nivel 20, CE 21, EMS3, AXG, horario especial no Complexo residencial de atención a persoas dependentes de Vigo (CRAPD).

O CRAPD é un centro conformado por dúas sedes nomeadas Vigo I e Vigo II. Ámbalas dúas sedes atenden a persoas con dependencia.

O centro Vigo I ten autorizadas 306 prazas para residentes e o centro Vigo II outras 148 prazas. Na RPT existen dúas prazas de fisioterapeuta que prestan servizos na sede Vigo I, con unha alta carga de traballo que impide atender adecuadamente aos residentes e usuarios de Vigo II.

4.- Dous Mestre/a de taller, grupo 3 categoría 12 (complementos B12, B18, B10). En substitución dos monitores ocupacionais amortizados. No Centro Ocupacional "O Saiar".

5.- Creación dun posto de oficial 2º de cociña no Capd de Redondela (complementos B10, B14, B18).

En Santiago de Compostela, a data da sinatura electrónica.